

ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2023

Participantes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M. Carmen

Presedo Garazo, Antonio

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Vaquero Díaz, María Beatriz

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Representante estudiantado:

Rama Mosquera, Alejandro

Desculpa Asistencia:

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es para tratar o seguinte punto que figura na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade.

A devandita xuntanza, realizase de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Comisión Permanente disporán dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do día 23 de novembro de 2023) para pronunciarse sobre os puntos da orde do día.

- a) Se o voto é favorable á proposta contida na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma

clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a proposta contida na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Comisión Permanente se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.

Unha vez rematado o prazo establecido, interveñen os membros da Comisión Permanente citados á marxe, os cales se pronuncian en sentido favorable con respecto ao punto da orde do día, que resultan aprobados por unanimidade dos asistentes.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12,00 h do día 23 de novembro de 2023, de todo o cal eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro